

Recurso nº 11/2019**Resolución nº 16/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 18 de xaneiro de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por M. GALLEGO JORRETO ARQUITECTOS ASOCIADOS S.L.P contra o fallo do concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de abrigo até a praia de Oza, do Concello da Coruña, expediente 6A3/2018/9, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- O Concello da Coruña convocou o concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da Coruña, dende o dique de abrigo até a praia de Oza, expediente 6A3/2018/9, cun valor estimado declarado no apartado 4.2 do seu prego de bases de 103.305,79 €.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 08.08.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle sobre o seu réxime xurídico:

“4.1 O concurso obxecto deste prego encádrase no suposto comprendido no artigo 183 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26/02/2014, en diante LCSP (BOE núm. 272, do 09/11/2017), no seu apartado 2.b (Concursos de proxectos con premios ou pagos aos participantes), sen que implique unha posterior adxudicación dun contrato de servizos.

O concurso rexerase polo presente prego e os seus anexos e polo previsto na subsección 7ª (Normas especiais aplicables aos concursos de proxectos) da sección 2ª do capítulo I do título I do libro segundo da LCSP, conformada polos seus artigos 183 ao 187, que regulan os procedementos encamiñados á obtención de planos ou proxectos, principalmente nos campos da arquitectura, o urbanismo, a enxeñería e o procesamento de datos, a través dunha selección que, tras a correspondente licitación, se encomenda a un xurado.

No que non estea previsto nestes preceptos, o concurso de ideas rexerase polas normas do procedemento aberto, en todo aquilo no que non resulten incompatibles e, tamén, polas disposicións reguladoras da contratación de servizos.

(...)”

Terceiro.- O 10.1.2019 M. GALLEGO JORRETO ARQUITECTOS ASOCIADOS S.L.P interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia e na web do TACGal.

Cuarto.- Con data 11.1.2019 reclamouse ao Concello da Coruña o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o 15.01.2019.

Quinto.- Examinado o expediente administrativo, e ao estarmos nun suposto do artigo 55 LCSP, procedeu ditar a presente Resolución.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- Neste punto debemos analizar se cabe a admisión do presente recurso especial.

Ante todo, é necesario expresar que este recorrente interpuxo un previo recurso especial contra a súa exclusión deste procedemento, que foi desestimado. Foi o recurso 149/2018, desestimado pola Resolución 132/2018, da que non consta unha impugnación ulterior.

A maiores o presente texto do recurso adoece de falta de claridade sobre a súa acción impugnatoria. Así, tal texto se engloba no título de recurso especial contra o fallo do concurso, onde parecería basearse nunha crítica ás condicións de dúas proposicións, concretamente das que tiveron maior puntuación, en relación aos megabytes das mesmas. Agora ben, o seu discurso tamén recolle referencias cara unha nova valoración da decisión adoptada na Resolución 132/2018 (*“nuevos indicios que contradicen la resolución previa...”* ou *“reafirmar la inexactitud de las afirmaciones dadas por el Concello en las que se basa la Resolución nº 132/2018”*). De feito o seu petitum final ten unha literalidade referida ás exclusións, a súa exclusión entón.

A Resolución TACGal 109/2018 explicaba:

“Como dixemos xa en moitas ocasións, o antiformalismo e o principio pro actione que deben rexer na interposición do recurso especial non pode levar a obviar que determinadas cargas son exclusivas do impugnante (por todas, Resolución TACGal 26/2018), como é a claridade na designación do concretamente impugnado, pois disto depende toda a concepción do recurso especial presentado. A maiores, debe existir coherencia entre o formalmente designado como acto recorrido e ao que se refire o relato e alegacións do texto do recurso. Neste caso, o recorrente non

cumprería con tales cargas o cal podería implicar de por si a inadmisión do recurso formulado.”

En todo caso, tentaremos avanzar nas cuestións que podería estar esgrimindo o recorrente, e a admisibilidade dun recurso especial baseada nas mesmas.

En primeiro lugar, se o recurso pretende que este TACGal volva a valorar a súa previa Resolución 132/2018, e a súas apreciacións sobre o exceso de megabytes, isto non é procedimentalmente posible, pois, como se indicaba na mesma in fine, a única vía impugnatoria contra a mesma é o recurso contencioso-administrativo. Na nosa Resolución TACGal 89/2018 expresamos:

“Con esta determinación legal de que contra as resolucións deste Tribunal “só cabe a interposición do correspondente recurso contencioso-administrativo” - que é a vía impugnatoria citada precisamente na Resolución TACGal número 84/2018-, non procede a admisión dun recurso extraordinario de revisión, pois este entra tamén dentro da exclusión xeral de recursos contra a resolución dun recurso especial en materia de contratación, salvo o recurso contencioso administrativo.

Efectivamente, o recurso especial en materia de contratación ten a súa específica regulación nos artigos 44 a 60 LCSP e o artigo 59 dispón claramente que contra as resolucións ditadas nos procedementos de recurso especial en materia de contratación só cabe o recurso contencioso-administrativo, o que exclúe a posibilidade de interposición de calquera outro e, entre eles, do extraordinario de revisión, así como incluso a revisión de oficio. Non existe aquí unha lagoa a suplir coa Lei de procedemento administrativo común, senón unha determinación expresa (“só cabe...”).

Esta interpretación é o criterio mantido polos Tribunais de recursos contractuais, como o manifestan: Resolucións 47/2016, 200/2016, 82/2017, 319/2017 ou 96/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, Acordo 50/2015 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón, Acordo 4/2016 do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Navarra, Resolución 355/2017 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid ou a Resolución 107/2016 do Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía, por citar algunha.”

Polo tanto, en aplicación do citado artigo 59 LCSP, non cabería admitir este recurso de entender que ese é o camiño esgrimido (artigo 55.c LCSP).

Se o que entendemos é que está a impugnar o fallo a favor de determinadas proposicións baixo a alegación de que deberían estar excluídas, ao estarmos perante unha impugnación de quen sería un licitador xa excluído, cuxa exclusión non nos consta ulteriormente impugnada, non tería lexitimación para recorrer agora contra a finalización do concurso (artigo 55.b LCSP), máis cando a exclusión destas proposición ás que alude non se recolle en que beneficiaría a súa posición xurídica.

Na Resolución TACGal 71/2018 consideramos (na mesma dirección, a moi recente Resolución 1139/2018 Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais):

“Estamos en presenza dun recurso interposto contra o acordo de adxudicación por quen foi excluído desta licitación con carácter previo a ese acordo, exclusión impugnada e confirmada por este TACGal pola Resolución 31/2018. Naquel previo recurso este Tribunal considerou, a maiores, que o recorrente só recollera entre as súas pretensións a de revogar a súa propia exclusión.

É unha premisa de xeral aceptación que aquel que xa non está na licitación carece entón de lexitimación para impugnar a ulterior adxudicación, por canto a anulación desta non podería facer que esa adxudicación recaera no recorrente. Neste sentido, podemos citar a Resolución 176/2018 TACRC, Resolución 28/2018 Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Castela e León (TARCCYL), Resolución 95/20198 Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Madrid (TACPM), ou a Resolución 70/2013 Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Junta de Andalucía (TARCA).

(...)

Neste debate, e neste punto do estado da cuestión, este TACGal entende que tal consideración non pode enervar a inadmisibilidade de quen foi excluído e a súa exclusión foi confirmada por este Tribunal, sen que se nos aporte que estea pendente de resolver unha impugnación desa exclusión.

(...)”

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por M. GALLEGO JORRETO ARQUITECTOS ASOCIADOS S.L.P contra o fallo do concurso de ideas, con intervención de xurado, para a definición de estratexias de transformación do bordo litoral da cidade da

Coruña, dende o dique de abrigo até a praia de Oza, do Concello da Coruña, expediente 6A3/2018/9.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.